

## Nota de prensa sobre o lanzamento da web [barbanzaecosocial.org](http://barbanzaecosocial.org)

Con esta nota de prensa queremos darlles a coñecer o lanzamento da páxina web [barbanzaecosocial.org](http://barbanzaecosocial.org), plataforma online do proxecto Laboratorio Ecosocial do Barbanza.

### Que é o Laboratorio Ecosocial do Barbanza?

O Laboratorio Ecosocial do Barbanza é unha iniciativa promovida pola [Fundación Rede de Innovación Arousa \(RIA\)](http://Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA)) en colaboración co grupo de investigación [HISTAGRA](http://HISTAGRA) da Universidade de Santiago de Compostela, grazas ao financiamento da [Fundación Banco Santander](http://Fundación Banco Santander) e ao apoio da [Cátedra Juana de Vega](http://Cátedra Juana de Vega).

O proxecto ten unha duración de dous anos e pretende dar visibilidade e apoio a aproveitamentos do territorio que contribúan á súa sustentabilidade, pero non só ambiental, senón tamén social e económica. En última instancia, preténdese demostrar que son posibles e desexables modelos de protección que favorezan o desenvolvemento de prácticas agrogandeiras e forestais sustentables e innovadoras.

Para alcanzar este obxectivo, o Laboratorio Ecosocial do Barbanza centra a súa actividade en tres áreas da península do Barbanza: os montes Barbanza, Enxa, Xian, Dordo, Costa de Abaixo e Ou Sobrado, xestionados pola Comunidade de Montes veciñais en Man Común de Baroña, no concello de Porto do Son; o monte de Froxán, xestionado pola Comunidade de Montes veciñais en Man Común de Froxán, no concello de Lousame; e por último as brañas de Laíño, en Dodro.

Tras este primeiro ano, o Laboratorio Ecosocial do Barbanza concluirá coa elaboración dun Atlas de Aproveitamentos Sustentables, un recompilatorio de saberes históricos e actuais, no que se avalíen as prácticas de aproveitamento do territorio segundo criterios de sustentabilidade e innovación. O segundo ano, esperamos poder impulsar prácticas que cumpran con estes criterios mediante apoio técnico e económico.

### Actividades desenvolvidas nos últimos meses

Entre os meses de xaneiro e marzo, con anterioridade á situación extraordinaria que estamos a vivir, a Fundación RIA e o grupo de investigación HISTAGRA, avanzamos na fase de toma de datos do proxecto, realizando saídas de campo, máis dunha quincena de entrevistas a habitantes de Baroña, Froxán e Laíño; e visitas aos arquivos dos tres municipios.

Tentamos que a maior parte das persoas entrevistadas fosen maiores de 70 anos, para que a través dos seus recordos ou os que os seus pais transmitíronlles, puidésemos falar dunha época na que no monte realizábanse unha grande variedade de actividades, todas elas interrelacionadas. A través destas persoas, estamos a aprender moito sobre usos e procesos, coñecendo que aproveitamentos agrogandeiros e forestais realizábanse nestes lugares, cales deixaron de levarse a cabo e que dificultades impediron a súa continuidade. Tamén estamos a entender mellor as relacións que se daban entre distintas partes do territorio e identificado patróns que se repiten nas tres localizacións. Coñecer o pasado destas comunidades e entender as lóxicas que as facían sustentables e autosuficientes é clave para promover a súa reactivación e deseñar estratexias de futuro.

A principio de marzo, a crise sanitaria obrigou a interromper o traballo de campo e as entrevistas. Pronto esperamos retomar este labor realizando entrevistas a persoas máis novas que nos poidan falar dos usos que levan a cabo no monte hoxe en día e cales son os retos que afrontan no desenvolvemento das súas actividades. Desde o mes de marzo, o grupo de investigación HISTAGRA filtrou toda a información recompilada nas entrevistas (que poderán ser consultadas no arquivo dixital [Terra e Memoria](http://Terra e Memoria)), organizándoa en base a temas, como a produción, o manexo agrogandeiro e forestal, a comercialización, a gobernanza comunitaria ou a identidade e cultura. Con todo este traballo como base, elaboráronse 9 artigos que xa están dispoñibles a través da sección [Investigación](http://Investigación) da páxina web do Laboratorio Ecosocial do Barbanza: [barbanzaecosocial.org](http://barbanzaecosocial.org).

Periodicamente, publicaremos novos artigos elaborados polo propio equipo do proxecto ou por expertos convidados de tal modo que a páxina web poida converterse nun lugar do encontro de múltiples voces.

#### A páxina web [barbanzaecosocial.org](http://barbanzaecosocial.org)

A páxina web do Laboratorio Ecosocial do Barbanza dirixese a un amplo abanico de visitantes e lectores. En primeiro lugar, ás persoas próximas ás áreas de estudo, que recoñecerán grande parte das prácticas que se mencionan e que levaban a cabo na súa contorna. O contido tamén está dirixido á comunidade científica, que esperamos que atope no Laboratorio Ecosocial do Barbanza un repositorio de información baixo o que poder desenvolver futuras investigacións e proxectos. Por último, ás administracións públicas e a entidades privadas relacionadas coa planificación do territorio, para facilitar-lles claves que lles permitan impulsar estratexias e accións nas que a sustentabilidade sexa unha premisa.

[barbanzaecosocial.org](http://barbanzaecosocial.org), que está dispoñible en galego e castelán (e proximamente estarao en inglés), inclúe 9 artigos elaborados entre HISTAGRA e Fundación RIA acompañados por gráficos, mapas, vídeos e ligazóns a outros artigos propios ou páxinas externas. Pódese acceder a estes artigos desde a páxina principal ou a través da sección [Investigación](#), onde se poden filtrar a través de categorías que asignamos a cada un.

[barbanzaecosocial.org](http://barbanzaecosocial.org) tamén inclúe un [mapa interactivo](#), unha ferramenta ao servizo dos seus visitantes que permitirá localizar as áreas de estudo, pero tamén consultar unha gran variedade de datos, como figuras de protección, información catastral e outros aspectos que condicionan os usos do territorio. Estas funcionalidades iranse incorporando progresivamente, durante o desenvolvemento do proxecto. Unha parte central desta ferramenta é un comparador que permite ver de maneira fácil e intuitiva a evolución que experimentou este territorio ao longo dos últimos 70 anos.

A través dos artigos da páxina web, poderanse consultar vídeos que reproducen fragmentos das entrevistas realizadas tanto aos veciños de Laíño, Baroña e Froxán (para promover o entendemento do territorio desde a voz dos seus protagonistas), como ao equipo do proxecto ou outros expertos.

Os vídeos, ademais de estar incluídos nos artigos, estarán dispoñibles na [nosa canle de Youtube](#) e incluírán subtítulos en galego, castelán e inglés.

A medida que avance o desenvolvemento do proxecto publicaranse máis vídeos que estarán dispoñibles en novos artigos e [nesta canle de Youtube](#).

Os novos artigos, vídeos e funcionalidades do mapa que se incorporen á páxina web publicaranse ademais nos nosos perfís en redes sociais ([barbanzaecosocial](#) en [instagram](#) e [facebook](#))

#### Documentos adxuntos

Adxunto a esta nota de prensa atópase un informe con imaxes sobre as actividades desenvolvidas nos últimos meses e explicacións sobre a páxina web do proxecto ([barbanzaecosocial.org](http://barbanzaecosocial.org)) e o [mapa interactivo](#) que esta incorpora.

## Nota de prensa sobre el lanzamiento de la web [barbanzaecosocial.org](http://barbanzaecosocial.org)

Con esta nota de prensa queremos darles a conocer el lanzamiento de la página web [barbanzaecosocial.org](http://barbanzaecosocial.org), plataforma online del proyecto Laboratorio Ecosocial do Barbanza.

### ¿Qué es el Laboratorio Ecosocial do Barbanza?

El Laboratorio Ecosocial do Barbanza es una iniciativa promovida por la [Fundación Rede de Innovación Arousa \(RIA\)](http://Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA)) en colaboración con el grupo de investigación [HISTAGRA](http://HISTAGRA) de la Universidade de Santiago de Compostela, gracias a la financiación de la [Fundación Banco Santander](http://Fundación Banco Santander) y al apoyo de la [Cátedra Juana de Vega](http://Cátedra Juana de Vega).

El proyecto tiene una duración de dos años y pretende dar visibilidad y apoyo a aprovechamientos del territorio que contribuyan a su sostenibilidad, pero no solo ambiental, sino también social y económica. En última instancia, se pretende demostrar que son posibles y deseables modelos de protección que favorezcan el desarrollo de prácticas agroganaderas y forestales sostenibles e innovadoras.

Para alcanzar este objetivo, el Laboratorio Ecosocial do Barbanza centra su actividad en tres áreas de la península del Barbanza: los montes Barbanza, Enxa, Xian, Dordo, Costa de Abaixo y O Sobrado, gestionados por la Comunidade de Montes veciñais en Man Común de Baroña, en el concello de Porto do Son; el monte de Froxán, gestionado por la Comunidade de Montes veciñais en Man Común de Froxán, en el concello de Lousame; y por último las brañas de Laño, en Dodro.

Tras este primer año, el Laboratorio Ecosocial do Barbanza concluirá con la elaboración de un Atlas de Aprovechamientos Sostenibles, un recopilatorio de saberes históricos y actuales, en el que se evalúen las prácticas de aprovechamiento del territorio según criterios de sostenibilidad e innovación. El segundo año, esperamos poder impulsar prácticas que cumplan con estos criterios mediante apoyo técnico y económico.

### Actividades desarrolladas en los últimos meses

Entre los meses de enero y marzo, con anterioridad a la situación extraordinaria que estamos viviendo, la Fundación RIA y el grupo de investigación HISTAGRA, hemos avanzado en la fase de toma de datos del proyecto, realizando salidas de campo, más de una quincena de entrevistas a habitantes de Baroña, Froxán y Laño; y visitas a los archivos de los tres municipios.

Hemos intentado que la mayor parte de las personas entrevistadas fuesen mayores de 70 años, para que a través de sus recuerdos o los que sus padres les transmitieron, nos pudiesen hablar de una época en la que en el monte se realizaban una gran variedad de actividades, todas ellas interrelacionadas. A través de estas personas, estamos aprendiendo mucho sobre usos y procesos, conociendo qué aprovechamientos agroganaderos y forestales se realizaban en estos lugares, cuáles han dejado de llevarse a cabo y qué dificultades han impedido su continuidad. También estamos entendiendo mejor las relaciones que se daban entre distintas partes del territorio e identificado patrones que se repiten en las tres localizaciones. Conocer el pasado de estas comunidades y entender las lógicas que las hacían sostenibles y autosuficientes es clave para promover su reactivación y diseñar estrategias de futuro.

A principio de marzo, la crisis sanitaria obligó a interrumpir el trabajo de campo y las entrevistas. Pronto esperamos retomar esta labor realizando entrevistas a personas más jóvenes que nos puedan hablar de los usos que llevan a cabo en el monte hoy en día y cuáles son los retos que afrontan en el desarrollo de sus actividades. Desde el mes de marzo, el grupo de investigación HISTAGRA ha filtrado toda la información recopilada en las entrevistas (que podrán ser consultadas en el archivo digital [Terra e Memoria](http://Terra e Memoria)), organizándola en base a temas, como la producción, el manejo agroganadero y forestal, la comercialización, la gobernanza comunitaria o la identidad y cultura. Con todo este trabajo como base, se han elaborado 9 artículos que ya están disponibles a través de la sección [Investigación](http://Investigación) de la página web del Laboratorio Ecosocial do Barbanza: [barbanzaecosocial.org](http://barbanzaecosocial.org).

Periódicamente, publicaremos nuevos artículos elaborados por el propio equipo del proyecto o por expertos invitados de tal modo que la página web pueda convertirse en un lugar del encuentro de múltiples voces.

### La página web [barbanzaecosocial.org](http://barbanzaecosocial.org)

La página web del Laboratorio Ecosocial do Barbanza se dirige a un amplio abanico de visitantes y lectores. En primer lugar, a las personas cercanas a las áreas de estudio, que reconocerán gran parte de las prácticas que se mencionan y que se llevaban a cabo en su entorno. El contenido también está dirigido a la comunidad científica, que esperamos que encuentre en el Laboratorio Ecosocial do Barbanza un repositorio de información bajo el que poder desarrollar futuras investigaciones y proyectos. Por último, a las administraciones públicas y a entidades privadas relacionadas con la planificación del territorio, para facilitarles claves que les permitan impulsar estrategias y acciones en las que la sostenibilidad sea una premisa.

[barbanzaecosocial.org](http://barbanzaecosocial.org), que está disponible en gallego y castellano (y próximamente lo estará en inglés), incluye 9 artículos elaborados entre HISTAGRA y Fundación RIA acompañados por gráficos, mapas, vídeos y enlaces a otros artículos propios o páginas externas. Se puede acceder a estos artículos desde la página principal o a través de la sección [Investigación](#), donde se pueden filtrar a través de categorías que hemos asignado a cada uno.

[barbanzaecosocial.org](http://barbanzaecosocial.org) también incluye un [mapa interactivo](#), una herramienta al servicio de sus visitantes que permitirá localizar las áreas de estudio, pero también consultar una gran variedad de datos, como figuras de protección, información catastral y otros aspectos que condicionan los usos del territorio. Estas funcionalidades se irán incorporando progresivamente, durante el desarrollo del proyecto. Una parte central de esta herramienta es un comparador que permite ver de manera fácil e intuitiva la evolución que ha experimentado este territorio a lo largo de los últimos 70 años.

A través de los artículos de la página web, se podrán consultar vídeos que reproducen fragmentos de las entrevistas realizadas tanto a los vecinos de Laíño, Baroña y Froxán (para promover el entendimiento del territorio desde la voz de sus protagonistas), como al equipo del proyecto u otros expertos.

Los vídeos, además de estar incluidos en los artículos, estarán disponibles [en nuestro canal de YouTube](#) e incluirán subtítulos en gallego, castellano e inglés.

A medida que avance el desarrollo del proyecto se publicarán más vídeos que estarán disponibles en nuevos artículos y en este canal de YouTube.

Los nuevos artículos, vídeos y funcionalidades del mapa que se incorporen a la página web se publicarán además en nuestros perfiles en redes sociales ([barbanzaecosocial](#) en [instagram](#) y [facebook](#))

### Documentos adjuntos

Adjunto a esta nota de prensa se encuentra un informe con imágenes sobre las actividades desarrolladas en los últimos meses y explicaciones sobre la página web del proyecto ([barbanzaecosocial.org](http://barbanzaecosocial.org)) y el [mapa interactivo](#) que esta incorpora.